

TARXETA BENVIDA

Que é?

É una axuda económica para as familias destinada a apoiar os gastos derivados do nacemento, garda con fins adoptivos ou adopción dun neno ou nena menor dun ano.

Quen pode beneficiarse desta axuda?

Poderán beneficiarse as persoas que teñan a súa residencia habitual en Galicia e que teñan fillos ou fillas, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017. Tamén quen estea en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena nado/a nese período.

Que requisitos hai que cumprir?

-Ter a persoa solicitante a súa residencia en Galicia

-Non superar os 45.000 euros de renda da unidade familiar sumadas a base imponible xeral e a base imponible do aforro, ou os 13.500 euros de renda per cápita, na declaración do IRPF do ano 2015.

Cal é o seu importe?

Con carácter xeral, a contía da axuda será de 1.200 euros a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do neno ou nena.

No caso de garda con fins adoptivos ou adopción, o dereito á percepción da axuda producirase dende o mes no que se emita a resolución administrativa ou xudicial e ata que o neno ou nena cumpra un ano.

Como se aboará esta axuda?

O pagamento da axuda efectuarase a través da Tarxeta Benvida, unha tarxeta moedeiro que se expedirá a nome da persoa solicitante.

Esta tarxeta só poderá ser empregada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

Que produtos se poderán mercar?

A Tarxeta Benvida poderá empregarse para a compra, en establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, de produtos básicos para o neno ou nena durante o seu primeiro ano de vida como leite e outros alimentos infantís, cueiros, roupa, berces, artigos de paseo e de viaxe, produtos de hixiene infantil ou produtos farmacéuticos.

Onde se poden presentar as solicitudes?

Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> e nos diferentes rexistros da Administración.

O formulario de solicitude está dispoñible na páxina web [www.xunta.gal /resultados-da-guia-de-procedementos](http://www.xunta.gal/resultados-da-guia-de-procedementos).

Que documentación hai que presentar?

- Copia do libro de familia

-Copia da resolución que declare a adopción ou a garda con fins adoptivos, no seu caso

-Certificado de empadramento conxunto da persoa solicitante e da nena ou neno que dá dereito á axuda

Que prazo hai?

Dous meses contados desde o día seguinte a aquel no que se produce o nacemento ou se dita a resolución de de garda con fins adoptivos ou a adopción.

Máis información:

<http://www.xunta.gal/politica-social>

<https://sede.xunta.gal>

Consellería de Política Social-Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
Teléfono 012